

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

* Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que **superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, **o equipo docente poderá decidir (por maioría simple) a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.

CRITERIOS DE TITULACIÓN

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado **que supere todas as materias** ou ámbitos cursados.

O equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que **se cumpran todas as condicións seguintes:**

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

CRITERIOS XERAISE OUTORGMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En caso de empate os criterios de prioridade a ter en conta son:

- Nota media da etapa.
- En caso de producirse un novo empate terase en conta a media das notas obtidas polo/as alumnos/as nas materias comúns de 4º ESO.
- En caso de empate farase unha nova nota media coas notas obtidas polos/as alumnos/as en todas as materias de 3º e 4º ESO.